

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200525/AnuncioG0474-280420-0002_gl.html

ACTUACIÓN 1: PLAN RENOVE DE ELECTROMÉSTICOS **ACTUACIÓN 2:** DOMÓTICA ENERXÉTICA

http://www.inega.gal/subvencions/subvencions/aforro/2020/ficha_aforro2020_0004.html

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará **o 1 de xullo de 2020 ás 9.00 horas para a actuación 1 e o día 2 de xullo de 2020 ás 9.00 horas para a actuación 2** e rematará o 30 de setembro de 2020 ou cando se **esgoten os fondos**.

As solicitudes de axudas **presentaranas as entidades colaboradoras** segundo o modelo do formulario normalizado no anexo IV desta resolución, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras.

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas que realicen algunha das actuacións subvencionables nunha vivenda sita na Comunidade Autónoma de Galicia. Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren no listado que se publike na páxina web do Inega, www.inega.gal.

1. Actuación 1. Electrodomésticos subvencionables.

Na seguinte táboa establécese a axuda máxima por electrodoméstico en función da súa tipoloxía. Un beneficiario só poderá recibir axuda pola substitución dun único electrodoméstico de cada unha das tipoloxías de equipamentos incluídos e cun máximo de dous electrodomésticos por beneficiario.

Electrodomésticos subvencionables	Axuda máxima (€/electrodoméstico)		
	Consumidor xeral	Consumidor vulnerable	Consumidor vulnerable severo
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A+++	150	300	450
Conxelador con clasificación enerxética A+++			
Lavadora A+++	100	200	300
Lavalouza A+++			
Placa de indución total	100	200	300

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos.

2. Actuación 2. Instalacións domóticas enerxéticas.

Na seguinte táboa establécese a axuda máxima por instalación domótica en función da súa tipoloxía. Un beneficiario só poderá recibir axuda de domótica enerxética para unha vivenda.

Actuación 2. Instalacións domóticas subvencionadas	Axuda máxima (€/equipamento)
Monitorización térmica da vivenda (sensores de humidade, temperatura, CO2 e/ou radon e termóstatos comunicados cun equipamento centralizado)	500
Monitorización eléctrica da vivenda (medidores de consumo, racionalizadores de potencia, actuadores para a programación de acendidos e fotocélulas comunicados cun equipamento centralizado)	500

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 50 % do prezo da instalación, porcentaxe que sobe ata o 65 % para consumidores vulnerables e ata o 80 % para consumidores vulnerables severos.